

#### Artigo 4.-Bonificacións

a) En aplicación do artigo 73.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, terán dereito a unha bonificación do 75% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e programación inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a este, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para desfrutar da nomeada bonificación. Os interesados deberán:

A) Acreditar a data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, mediante certificado do Técnico-Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional, ou licenza de obras expedida polo Concello.

B) Acreditar que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

C) Acreditar que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade e non forma parte do inmovilizado, mediante copia da escritura pública ou alta no catastro e certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado perante a AEAT, a efectos do Imposto sobre Sociedades.

Se as obras de nova construción ou de rehabilitación integral afectan a diversos solares, na solicitude detallaranse as referencias catastrais dos diferentes solares.

b) En aplicación do art. 73.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para solicitar a bonificación do 50% da cota, por tratarse de Vivendas de Protección Oficial ou equiparables a estas segundo as normas da Comunidade Autónoma, os interesados deberán aportar a seguinte documentación:

- Fotocopia da cédula de cualificación definitiva de V.P.O.
- Escritura de compravenda da vivenda obxecto da solicitude.

c) Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra, os bens rústicos das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da Terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

#### Disposición complementaria

Son directamente aplicables as normas contidas nos artigos 60 a 77 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que se consideran incorporadas a esta ordenanza.

#### Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2017, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa, quedando expresamente derogada a anterior ordenanza aprobada polo pleno do Concello en sesións do 20 de febreiro de 2003 e 26 de novembro de 2008”.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 21 de decembro de 2016.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 3890

---

#### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 2/11/2016 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 2 sobre o imposto sobre actividades económicas. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 05/11/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

**“ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DE LÁNCARA**

**Artigo 1. Obxecto**

De conformidade co previsto nos artigos 86 e 87 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o coeficiente de ponderación e o coeficiente de situación do Imposto sobre actividades económicas aplicables neste municipio quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

**Artigo 2. Cota tributaria**

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarifas do imposto o coeficiente de ponderación regulado no artigo 86 Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**Artigo 3.- Coeficiente de situación**

Non se establecen coeficientes de situación das vías públicas municipais ós efectos de determinación da cota tributaria das actividades suxeitas ó imposto.

**Artigo 4.- Exención**

Non se recoñecerán máis exencións que as establecidas no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**Artigo 5- Bonificacións**

Sobre a cota tributaria aplicaranse somentes as bonificacións obrigatorias establecidas polo artigo 88.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**Artigo 6.- Cuestións non previstas nesta ordenanza.**

Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto nos artigos 78 a 91 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**Disposición derogatoria.-** Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas aprobada polo Pleno do Concello en sesión do 23 de marzo de 1991.

**Disposición derradeira.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2017 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación”.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 21 de decembro de 2016.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 3891

---

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 2/11/2016 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 3 sobre o imposto de vehículos de tracción mecánica. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 05/11/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

**“ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO CONCELLO DE LÁNCARA.****Artigo 1. - Fundamento legal**

Segundo o artigo 59.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os concellos esixirán o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica que se regula nos artigos 92 a 99 do citado texto legal. O Concello de Láncara esixirá este tributo de conformidade co disposto no mencionado Real decreto legislativo, disposicións que o desenvolven e os seguintes artigos.

**Artigo 2.- Feito imponible**

1. Este imposto grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considerase vehículo apto para a circulación o matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causara baixa nestes. Ós efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.